

Tema 13: A prosa de 1936 a 1976.

Igual que sucedeu na poesía, o golpe de estado de 1936 e a vitoria franquista supuxeron unha ruptura da continuidade esperada tras a vitalidade que mostraran as letras galegas nos primeiros anos 30. No caso da prosa crebouse a liña renovadora e moderna que protagonizaran os narradores do Grupo Nós.

No duro contexto do franquismo, hai que agardar a 1950 para que apareza en Galicia a primeira novela de posguerra, *A xente da Barreira* de Carvalho Calero. E o ritmo seguinte tan só foi de un libro e pico cada ano durante esa década. De entre os catro autores citados no título do tema, Cunqueiro foi o maior protagonista desta recuperación narrativa.

Pódense sinalar as seguintes correntes na narrativa galega de posguerra:

Narrativa continuadora do Grupo Nós. Trata os mesmos temas desenvolvidos naquela época, sobre todo o mundo da fidalguía: o propio Otero Pedrayo e Carvalho Calero coa primeira novela de posguerra: *A xente da Barreira* (1950).

Narrativa no exilio que aborda o tema da guerra e a represión franquista: Silvio Santiago, Ramón de Valenzuela con *Non agardei por ninguén* ou Antón Alonso Ríos, *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da norte*.

Narrativa realista inspirada no conto popular. Con técnicas propias do conto popular e do relato oral, reproducense de xeito literario e culto historias e ambientes propios da Galicia rural: Ánxel Fole, *Á lus do candil* ou Álvaro Cunqueiro con *Escola de menciñeiros ou os outros feirantes*

Narrativa fantástica. Con relatos que mesturan constantemente realidade e fantasía; créanse mundo míticos e fantásticos de orixe

árabe ou nórdica, mesturados coa imaxinación colectiva do mundo popular. Álvaro Cunqueiro con *Merlín e familia* ou *Se o vello Sinbad volvese ás illas* e Daniel Cortezón: *As covas do rei Cintolo* (1956).

Narrativa de realismo social. Outros dous narradores que optaron polo realismo de contido social, centrado na vida das clases populares: Blanco Amor (no espazo urbano) en *A esmorga* e X. Neira Vilas (no espazo rural) con *Memorias dun neno labrego*.

Ánxel Fole. Naceu en Lugo en 1903. Antes de 1936 colaborou con varias revistas de vangarda e foi destacado membro do Partido Galeguista. Tras a guerra civil, por temor ás represalias, decidiu recluírse na montaña luguesa do Incio.

Aparece no panorama narrativo en 1953 coa colección de contos titulada *Á lus do candil*, catorce relatos contados con esta estratexia narrativa: uns fidalgos xúntanse unha noite no pazo dun deles e son sorprendidos por unha nevada; para pasar o tempo deciden irse contando contos uns aos outros. Nestes contos aparecen historias de lobos, de aparecidos e outras crenzas populares.

En 1955 publica *Terra brava*, outro volume de contos tamén ambientados na Galicia rural e montañesa. Os dous seguintes libros de relatos, *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981) presentan a novidade de estaren ambientados no medio urbano.

Características dos relatos de Fole:

Reflicten a realidade galega, paisaxes e os costumes, especialmente a dureza do mundo rural da montaña, e plasman todo un sistema de crenzas aínda vivas neses lugares nos anos cincuenta.

Toma como base a tradición da narrativa popular oral tanto nos temas (contos de lobos, aparecidos, lendas,...) coma nas técnicas.

Utiliza técnicas recursos propios da narración oral e popular, como a apelación ao lector ou incisos do narrador, con fórmulas do tipo “non se rían se lles digo que...”, “o que vos vou contar...”. Tamén a técnica de encaixe, tamén chamadas de bonecas rusas, que consiste en ir introducindo historias distintas das da que dá inicio ao conto.

Naturalismo lingüístico. No seu afán de reflectir a realidade galega utiliza unha linguaxe popular sen fuxir de dialectalismos e vulgarismos, mesmo ás veces dá entrada á diglosia.

Fai unha mestura de humor e medo e de elementos máxicos.

Eduardo Blanco Amor. Naceu en Ourense en 1897. Estivo moi vinculado ás vangardas poéticas galega e española e publicou poesía nesa época. (A súa amizade con Lorca resultou decisiva para que este escribise os seus *Seis poemas galegos* en 1935). Republicano e galeguista, a guerra civil forzouno ao exilio. No exilio bonaerense publica a súa primeira novela, *A esmorga* (1959), tras ser rexeitada en Galicia pola censura. Esta novela resultou moi innovadora tanto temática como tecnicamente. Narra unhas 24 horas de desenfredda esmorga de tres amigos de ámbitos marxinais: un violento e un homosexual que morren, e o terceiro sobrevivente que, tras ser torturado pola garda civil, é levado perante un xuíz que lle toma declaración. Finalmente, tamén morre no calabozo. O novidoso da novela é que o contido do relato é case exclusivamente a declaración deste protagonista, en primeira persoa, perante o xuíz que o interroga. Esta técnica narrativa, o tipo de personaxes e a ambientación urbana supoñen unha grande novidade na novelística galega da época. As circunstancias persoais do autor e a edición arxentina do libro merecen encadralo entre a literatura galega do exilio.

Os biosbardos (1962) é un volume de contos de aparencia autobiográfica pois están narrados en primeira persoa por un narrador infantil e están ambientados no Ourense de comezos do s. XX. Aparecen nestes contos

experiencias propias dos protagonistas como a socialización en cuadrillas, as primeiras curiosidades sexuais, o desafío ás normas ou a incompreensión dos máis vellos.

Xente ao lonxe (1972) é unha novela longa e ambiciosa que encerra varias historias. A de Suso, o neno protagonista e narrador, que vai relatando a súa infancia e evolución no seo dunha familia onde se dan contradicións ideolóxicas: pai sindicalista, avoa moi conservadora, irmá maior liberada, educación ultracatólica, etc. Estas tensións moven a trama, xunto a outros episodios reais da época.

Álvaro Cunqueiro. Naceu en Mondoñedo en 1911. Foi poeta moi vinculado ás vangardas antes da guerra española (neotrobadorismo e surrealismo) e reaparece como narrador bastantes anos despois. A obra narrativa de Cunqueiro agrúpase en dous bloques: unha narrativa longa formada por tres obras ás que non se lles pode chamar propiamente novelas pois son obras compostas a base de enfiar contos dentro delas, e outros tres volumes de contos breves.

- Narrativa longa. En 1955 aparece *Merlín e familia*, co personaxe traído da materia de Bretaña. As historias artículanse en torno a este esquema: polo pazo do señor Merlín pasan xentes que buscan nel axuda para os seus problemas; Merlín escóitaos, actúa cos seus poderes sobrenaturais e soluciónalles o problema; as xentes marchan, logo chegan outros, etc. Todo isto é narrado en primeira persoa por Felipe de Amancia, criado de Merlín e narrador-testemuña do relato.

En 1956 aparece *As crónicas do sochantre*, cun esquema narrativo similar, nesta ocasión son 5 defuntos que viaxan nunha carroza pola Bretaña francesa; a ela sobe un músico contratado para tocar no funeral dun nobre e, para entreter a viaxe, as cinco almas en pena van contando como lles chegou o final da súa vida. O carácter macabro da situación está

completamente atemperado polo humor dos relatos.

E en 1961 aparece *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, o libro que ten máis feitura de novela. De novo o humor e a ensoñación xuntos nesta obra: o vello mariño de *As mil e unha noites* Sinbad está xubilado, cego e desvariado. No seu desvarío pretende embarcar e pilotar unha nave que está a punto de partir rumbo a afastados mares.

- Narrativa breve. Compónena tres volumes de relatos que son retratos ou semblanzas humorísticas de personaxes galegos tirados dunha realidade que o propio Cunqueiro vía que esmorecía: o galego popular e rural, listo aínda que non teña estudos, o galego das feiras e de visitas esporádicas á vila e á cidade. Lirismo, humor e fantasía son os ingredientes presentes en todos estes relatos: *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979).

Podemos sinalar estas características xerais da narrativa de Cunqueiro:

Mestura constante do real co fantástico. O singular da narrativa de Cunqueiro é que ao lector faille ler o fantástico como se fose real con toda naturalidade.

Influencia da narración oral no estilo: variedade de narradores, introdución de anécdotas na historia, etc.

Presenza do humor no tratamento das situacións.

Intertextualidade e referencias a múltiples textos literarios e culturas de todo o mundo.

Xosé Neira Vilas. Naceu en 1928 en Vila de Cruces. Membro dunha familia labrega e coñecedor e traballador do campo desde mozo, as circunstancias económicas fixérono emigrar aos 20 anos. Tras dez anos en Arxentina instalouse outros trinta en Cuba. Logo regresou a Galicia e faleceu en 2015. Case toda a súa obra narrativa está escrita desde América, pero ambientada en Galicia. Son tres as perspectivas da súa obra

narrativa:

A visión da Galicia rural e dura da posguerra a través da mirada dos nenos: a novela *Memorias dun neno labrego* (1961), o libro máis vendido e traducido da narrativa galega durante décadas; conta a vida nunha aldea galega de posguerra desde a perspectiva do neno Balbino; nel reflíctense os problemas da pobreza, o atraso, o abuso dos poderosos, os obstáculos para o desenvolvemento persoal a causa do caciquismo. O libro ten unha intención claramente crítica e denunciadora desas situacións, que en xeral desembocaban na decisión de emigrar. Tamén a novela *Cartas a Lelo* (1971), co mesmo neno Balbino de protagonista.

A visión da Galicia rural e dura de posguerra pero agora a través da mirada dos adultos: *Xente no rodicio* (1965), un conxunto de contos moi breves, escritos cunha gran depuración técnica, nos que se retratan as dificultades para sobrevivir en certos ambientes de violencia e opresión (o poder da igrexa católica, dos caciques).

A visión da Galicia emigrante, que el tan ben coñeceu durante case 40 anos na Arxentina e en Cuba: *Historias de emigrantes* (1968) ou *Relatos mariñeiros* (2003). Neles aparecen os problemas de adaptación dos emigrantes galegos nas terras americanas, a nostalxia, e o éxito ou o fracaso.

A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

O fenómeno coñecido como Nova Narrativa Galega (NNG) prodúcese a partir de mediados dos anos 50, nun contexto marcado pola ditadura franquista, o medo e a represión, que contrastaban coas arelas de liberdade que moita xente moza, especialmente de extracción culta e burguesa, desexaban. Os escritores da NNG son mozos universitarios, con inquedanzas culturais e con lecturas asimiladas dos escritores máis

renovadores da prosa do século XX.

Influencias e características: Desde o punto de vista **filosófico** posúen claramente dúas, o **marxismo**, como método de revisar a historia e como actitude nun contexto de ditadura; e o **existencialismo**, que produce en quen o sente, unha sensación de angustia cotiá ao convivir diariamente coa certeza de que a vida nos vai levar inexorablemente á morte. Jean Paul Sartre é un referente.

Influencias propiamente **literarias**. Acusan varias e así as reflicten e se visualizan nos textos dos novos narradores: De James Joyce (*Ulysses*, 1922) ou William Faulkner (*O ruído e a furia*, 1929) toman o **monólogo interior** ou “fluír da conciencia”, técnica narrativa moi utilizada por estes narradores, que mostra a discorrer do pensamento dun personaxe tal e como se produce na súa mente, sen orde nin coherencia ás veces.

Do *Nouveau roman* francés (Claude Simon, Marguerite Duras) adoptan o **objectalismo** como técnica narrativa que substitúe o narrador omnisciente por un narrador obxectivo, que só narra o que pode ver ou o que pode oír, á maneira dunha filmación cinematográfica.

Como consecuencia disto, os membros da NNG empregaron ambas técnicas narrativas, e tamén outras como a combinación de narradores (en 1ª e en 3ª persoa), a 2ª persoa narrativa (como desdoblamento do eu da 1ª persoa) ou a técnica epistolar. A influencia de Franz Kafka nótaselles na creacións de **climas ou atmosferas de irrealidade** e na confusión entre realidade e soño. Son característicos na NNG os ambientes oníricos nos que ás veces non se sabe moi ben se estamos no mundo real ou no dos soños: os especiais perfís dos personaxes contribúen a transmitirle ao lector esta sensación. Finalmente, tamén achegan á narrativa galega a utilización de **espazos narrativos urbanos**, o cal supón unha novidade na prosa galega de posguerra, se exceptuamos a obra de Blanco Amor.

Gonzalo Rodríguez Mourullo. Nacido en Teo en 1935. Sendo estudante de Dereito publica os seus dous libros, que inician a NNG: *Nasce unha árbore* (1954), onde xa están presentes a pluralidade de voces narrativas e os ambientes de irrealidade; e *Memorias de Tains* (1956), 8 relatos escritos en forma epistolar, que presentan un mundo opresivo; tecnicamente isto tradúcese nun estilo de frases curtas e obsesivamente repetitivas.

X. L. Méndez Ferrín. Nacido en Ourense en 1938. Forxou un estilo narrativo moi persoal, creando espazos narrativos propios como *Tagen Ata* e empregando nos seus relatos topónimos e antropónimos sonoros e evocadores, de aparencia celta: *Ulm Roam*, *Grieh*... En 1958 publica *Percival e outras historias*, catorce relatos de atmosferas irrealas e con personaxes caracterizados pola violencia; só o primeiro conto é artúrico. Na súa abundante obra narrativa hai dous libros máis encadrados dentro da NNG: os contos de *O crepúsculo e as formigas* (1961), con personaxes de arrabalde, solitarios, oprimidos e desequilibrados; e a novela obxectalista *Arrabaldo do norte* (1964), que presenta uns personaxes perdidos deambulando por unha cidade sen identificar. Fóra xa dos presupostos da NNG, Ferrín é autor doutros libros de contos e de novelas. Uns tratan temas políticos de xeito simbólico (a Galicia sometida, a represión política) como *Retorno a Tagen Ata* (1971) ou os contos de *Elipsis e outras sombras* (1974) e os de *Arraianos* (1991) nos que cultiva algunha das súas temáticas preferidas: a violencia, a presión do estado sobre o individuo, etc. Outros libros van dando conta de diferentes episodios contemporáneos nos que se involucrou o autor: os relatos de *Crónica do nós* (1980) ou a novela *No ventre do silencio* (1999), crónica da Compostela universitaria á que chegou o autor entre finais dos anos 50 e os primeiros 60.

Algunhas características literarias (temáticas e de estilo):

A recreación de personaxes e ambientes da materia de Bretaña onde se mesturan o fantástico e o real e hai nomes exóticos para espazos e personaxes. Moitos deses topónimos e antropónimos teñen aparencia celta, nórdica ou oriental. Reconstrúe un pasado mítico que adoita remitir á cultura celta e faino dunha maneira épica, pero será a épica das nacións derrotadas (Galiza, Bretaña, Occitania...).

Ambientes e espazos angustiosos, opresivos e mesmo terroríficos. Presenza de distintas formas de violencia, por exemplo a política, que determina as relación humanas.

Desenvolvemento dunha mitoloxía propia e persoal, simbólica, por exemplo Tago é Galicia, Terra Ancha é España

Lingua dotada de gran valor expresivo, moi rica e variada e manexa todos os rexistros.

Camilo Gonsar. Nacido en Sarria en 1931. Licenciouse en Letras e en Dereito. A súa novela *Como calquera outro día* (1962) trata das lembranzas dun emigrante a piques de regresar a Galiza. E *Cara a Times Square* (1980, escrita anos antes) é a novela que pecha definitivamente a época da NNG (o resto dos escritores colegas xa abandonaran eses presupostos): nun clima de irrealidade, dous estranxeiros solitarios e desarraigados deambulan por Nova York cara a un destino misterioso.

María Xosé Queizán. Nacida en Vigo en 1939. Só a primeira das súas obras entra dentro da NNG: *A orella no buraco* (1965), unha breve novela escrita na que todos os obxectos se describen con moito pormenor; o protagonista, que é descrito como un obxecto máis, é un vagabundo que monologa sen orde temporal ningunha. Toda a narrativa posterior desta autora está tinxida dun forte compromiso progresista, igualitarista e feminista.

Xohana Torres. Nacida en Santiago en 1931, publicou en 1972 *Adiós, María*, unha novela que balancea entre o Vigo proletario dos anos 60 e a realidade da emigración. O punto de conexión é Maxa, a protagonista adolescente que ten que facerse cargo de si mesma, dos seus irmáns e tamén dos seus avós nos arrabaldes de Vigo porque os seus pais tiveron que emigrar a Francia. O monólogo interior e os saltos no tempo son os recursos técnicos máis destacados.

Carlos Casares. Nacido en Xinzo de Limia en 1941. Foi profesor, biógrafo, editor, parlamentario, columnista e académico da RAG. Na súa traxectoria narrativa hai que diferenciar claramente dúas etapas: a do experimentalismo e a renovación formal propias da NNG e unha segunda etapa de narrativa máis clásica e realista. A **etapa do experimentalismo** comprende as súas dúas primeiras obras: *Vento ferido* (1967), un volume de contos breves no que os personaxes viven situacións de crueldade e violencia explicables polos ambientes nos que viven: a guerra civil, as vellas inimizadas, a bebida... E tamén a novela *Cambio en tres* (1969), que traslada ao lector os pensamentos do protagonista, un emigrante ourensán que regresa para asistir ao enterro dun colega; o experimentalismo vese no obxectalismo descritivo e no uso do monólogo interior.

A **transición** entre esta etapa e a seguinte etapa realista márcaa a novela *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), na que introduce a narración en 2ª persoa para este relato autobiográfico que abranxe a infancia, a adolescencia e o contacto co mundo universitario compostelán dos anos 60 que atopou o seu autor cando chegou a Santiago. A seguinte **etapa realista** xa non entra dentro da NNG. Comprende un volume de contos breves baseados en episodios recoñecibles da historia de Galicia de diferentes épocas e titulado *Os escuros soños de Clío* (1979); unha novela como *Ilustrísima* (1980), ambientada no Ourense de principios do s. XX e

que relata as polémicas cidadás que suscitou a chegada do cine a esa cidade; a novela *Os mortos daquel verán* (1987), que dá conta da impunidade do asasinato (“paseo”) dun boticario republicano; e a súa última e póstuma novela *O sol do verán* (2002), probablemente a mellor do autor.